

# SON HOLOFÓNICO



O xeito que temos de escoitar tenta ser reproducido a través do son holofónico. A holofonía é unha técnica de espacialización sonora. Para lograr a percepción do oínte respecto á posición da fonte de son, grávanse as secuencias de cada oído independentemente empregando unha cabeza de *dummy* equipada con dous micros omnidireccionais situados á altura de cada orella. Logo as dúas gravacións recombínanse. Agrégaselle ademais á cabeza unha emisión de son interna para conseguir a tridimensionalidade do son.

Propoñémosche a escoita dun son holofónico. É importante que cando escoites estes sons utilices auriculares ou cascos. Tamén que peches os ollos para que a sensación sexa máis forte.

Adiante, hai unha muller que che vai murmurar no teu oído!